

## Empresas galegas buscan en Centroamérica a súa oportunidade de abrir mercado

- Técnicos da Cámara de Comercio encóntranse nunha misión comercial plurisectorial a Costa Rica, Panamá e Honduras
- Ao longo do mes a institución organiza a participación de empresas en cinco feiras de subcontratación en Europa, unha de cruceiros en Miami e outra de conxelados en Boston

**Vigo, 12/03/10.-** Marzo é o mes do comercio exterior. Unha ducia de empresas galegas de sectores tan dispares como o farmacéutico-veterinario, o de conservas, madeira, granito, editorial, telecomunicacións... estarán ata o 21 de marzo en Guatemala, Costa Rica e Panamá. Ao longo da misión comercial, organizada pola Cámara de Comercio de Vigo, algunhas aproveitarán tamén para establecer contactos en Nicaragua e Honduras. A acción enmárcase dentro do Plan FOEXGA para o fomento das exportacións galegas.

Centroamérica é un gran mercado con diferentes nichos de negocio de acordo á realidade socioeconómica de cada un dos países que a conforman. O seu potencial de crecemento o convirte nun destino moi atractivo para exportar, non polas características individuais de cada un dos seus estados (Guatemala, Salvador, Honduras, Costa Rica, Nicaragua e Panamá) senón dende un punto de vista integral. Nos últimos anos, Galicia conseguiu incrementar paulatinamente a súa presenza a través do establecemento de acordos con empresas locais. As misións comerciais a estos países celébranse anualmente dende hai máis de unha década, xa que o feito de compartir o idioma favorece a relación.

En Panamá, pola súa banda, a expansión dalgúns sectores da economía, en especial o da construción, está xerando novas oportunidades en segmentos como o de materiais para fabricación, bens de equipo e de consumo. Outro punto a favor é que empeza a xurdir unha demanda de produtos de gama media-alta, onde España ten moito que ofrecer. Por outra banda, as principais importacións guatemaltecas son petróleo e minerais, maquinaria i equipos eléctricos e de telecomunicacións, químicos (incluídos os farmacéuticos) textís, material de transporte, metais e as súas manufacturas... Finalmente, dende a nosa comunidade, os principais produtos que se envían a Costa Rica son prendas e complementos de vestir, automóbiles, preparacións de carne, peixe e crustáceos...

### Á conquista do mercado estadounidense

Ser unha escala de referencia ou un porto base. Con este obxectivo, un ano máis, acude a Autoridade Portuaria de Vigo á feira Seatrade de Miami, a máis importante do mundo no sector dos cruceiros que se celebra entre o 15 e 17 de

maio. A Cámara será coexpositora xunto con Durang Shipping do stand donde se ubicará o porto de Vigo (que reúne a todos os do estado) ademáis, a institución organiza a visita de empresas consignatarias, auxiliares do naval e publicacións especializadas de Galicia. Dende hai 25 anos reúnen na cidade norteamericana a industria auxiliar, consignatarias, armadores, provedores, destinos, equipamientos... En 2009 acolleu nos seus 30.000 metros cadrados a 900 expositores e 10.000 visitantes de máis de 120 países.

Casi ao mesmo tempo, entre o 14 e 16 de marzo, a Cámara participa tamén en Boston Seafood, unha cita obrigada para o sector do conxelado. A participación da entidade na feira americana remóntase a 10 anos atrás, cando comenzaron a realizarse visitas con empresas da demarcación. Sen embargo, xa dende a edición anterior, a Cámara asiste cun stand, xa que, actualmente, ningún organismo galego nin español organiza unha participación agrupada (antes o facía o FROM). A principal novidade de 2010 é que as nosas empresas terán a opción de instalarse conxuntamente ou en postos independentes, e algunhas incluso levarán mostras de produtos precocinados. En total, acudirán 11 firmas de conxelado de toda Galicia. Este evento é especialmente interesante para a Cámara de Comercio a tenor das propias cifras de exportación a EEUU. De feito, os últimos datos indican que a industria galega vendeu a Estados Unidos preparados a base de peixe, moluscos e crustáceos por valor de casi dez millóns de euros.

## **O mes da subcontratación**

A Cámara de Comercio de Vigo é a responsable da 'Bolsa de Subcontratación Industrial' de Galicia, e con ela varias empresas asisten este mes ás cinco principais feiras europeas (Nantes, Esef, Sudtec, Stim e Parma). Esta 'Bolsa' agrupa ás empresas do sector na comunidade, e as representa nas feiras para informar aos asistentes sobre as posibilidades de subcontratación nas súas propias demarcacións. O fin básico do Servicio de Subcontratación da Cámara é o de axudar aos contratistas de calquera parte do mundo a atopar subcontratistas fiables. Neste tipo de certámenes aos que acude pódese encontrar tecnoloxía punta e servizos innovadores para o rendimento industrial, solucións de produtos e servizos na metalurxia, plásticos, electrónica, moldes, matrices, pezas...